


| | | |
|---|--------------------|-----------------|
|  XUNTA DE GALICIA | PLAN CAMGAL | Capítulo |
| | Activación | IV Versión 0 |

1. CRITERIOS DE ACTIVACIÓN

Os criterios de activación do Plan CAMGAL, de acordo co establecido na Orde do Ministerio de Fomento de 23 de febreiro de 2001, son os seguintes:


- Derramamento ao mar de produtos contaminantes desde un porto ou instalación costeira ou interior sen que estea implicado un buque e a magnitude da emerxencia supere a capacidade de resposta dos plans locais ou interiores correspondentes.
- Derramamento ao mar de produtos contaminantes desde unha instalación costeira na que estea implicado un buque e se vexa ameazada a costa próxima.
- Derramamento ao mar de produtos contaminantes desde un buque accidentado na costa.
- Derramamento ao mar de produtos contaminantes desde un buque accidentado en augas xurisdicionais españolas e que exista a posibilidade de que a contaminación chegue á costa.
- Derramamento ao mar de produtos contaminantes desde unha terminal de carga e/ou descarga situada en augas xurisdicionais españolas e que exista a posibilidade de que a contaminación chegue á costa.

2. NIVEIS DE ACTIVACIÓN

As incidencias ordinarias que poidan ser atendidas polos grupos operativos dispostos na zona non darán lugar á activación do Plan CAMGAL.

A activación do Plan guiarase polos seguintes niveis de emerxencia:

- a) Alerta: darase cando se sospeite que algún tipo de contaminación significativa pode chegar á zona costeira, tanto procedente do mar como de instalacións en terra.

| | | |
|---|--------------------|-----------------|
|  XUNTA DE GALICIA | PLAN CAMGAL | Capítulo |
| | Activación | IV Versión 0 |

b) Emerxencia: darase cando algún tipo de contaminación significativa chegue á zona costeira, tanto procedente do mar como de instalacións en terra ou sen chegar a ela, se considere necesario pola gravidade da continxencia ou pola especial vulnerabilidade da zona ameazada. Este nivel contempla tres subniveis de emerxencia que se establecen en función da magnitude do sinistro, das posibles repercusións que este pode ter sobre os recursos e da capacidade de resposta da Comunidade Autónoma de Galicia.


2.1. Alerta

O tempo de resposta ante un derrame de contaminantes ao medio mariño é un factor fundamental nas operacións de loita contra a contaminación marítima accidental e en moitos dos casos, determinará o éxito ou fracaso das mesmas.

O obxectivo desta fase de alerta é que todos os equipos de intervención podan estar listos para o traballo mesmo antes de que a vertedura se produza, gañando un tempo que en moitos casos poderá evitar a chegada de contaminantes ás zonas sensibles da costa.

Activarase a fase de alerta:

- Cando se produza un accidente dun buque en mar aberto, augas costeiras ou próximas á costa, na costa ou nunha instalación portuaria e exista a ameaza de que poida verter contaminantes ao medio.
- Cando teña lugar a perda de mercadoría nun buque que produza a achega ao mar de residuos contaminantes transportados en envases pechados (bidóns, depósitos, contenedores, etcétera) ou cando descoñecéndose a natureza da carga se sospeite que esta poda ser contaminante.
- Cando se produza unha vertedura a un río co risco de que poda chegar ata as augas mariñas.
- Cando se produza unha vertedura de sustancias contaminantes ao medio dende unha industria ou instalación que afecte a unha zona localizada da costa e non se estime que a mancha poda desprazarse ata outros lugares da costa ou

| | | |
|---|--------------------|-----------------|
|  XUNTA DE GALICIA | PLAN CAMGAL | Capítulo |
| | Activación | IV Versión 0 |

cara ao interior das rías e que é controlable mediante os medios adscritos ao **plan interior** da industria, porto ou instalación ou ao **plan local** do concello onde se produciu.

- Cando se reciba un aviso de contaminación de orixe descoñecida.
- Cando se active un plan interior ou un Plan Local no seu nivel máximo.


2.2. Emerxencia

A fase de emerxencia contempla tres niveis de activación en función do descrito no punto 2.b). Activarase a fase de emerxencia:

2.2.1. Emerxencia en nivel mínimo

- Cando se produza unha vertedura de sustancias contaminantes de carácter leve ou moderado en augas costeiras da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Cando se produza unha vertedura de sustancias contaminantes dende unha instalación é esta ameace con poder estenderse a unha ampla zona da costa ou afectar a recursos sensibles ou zonas declaradas a protexer.
- Cando os medio adscritos ao plan interior ou ao plan local non son suficientes para controlar o vertido.
- Cando a contaminación tivera lugar fóra do ámbito de aplicación dos plans interiores e/ou locais.

A emerxencia en nivel mínimo require da mobilización de medios operativos adscritos ao **Plan CAMGAL**, que non realizan funcións de xeito ordinario na zona afectada e pertencen á Comunidade Autónoma de Galicia.

| | | |
|---|--------------------|-----------------|
|  XUNTA DE GALICIA | PLAN CAMGAL | Capítulo |
| | Activación | IV Versión 0 |


2.2.2. Emerxencia en nivel medio:

- Cando se produza unha vertedura de gran proporción en augas exteriores e esta ameace con contaminar a costa de maneira xeneralizada ou mesmo unha zona extensa da mesma.
- Cando se produza o afundimento ou accidente dun buque e a contaminación producida polo mesmo ameace con contaminar a costa de maneira xeneralizada ou mesmo unha zona extensa da mesma.
- Cando se produza a vertedura de sustancias contaminantes na costa ou instalacións costeiras e ameace con estenderse de maneira xeneralizada a outras zonas da mesma ou cara ao interior das rías afectando a recursos sensibles ou zonas declaradas a protexer.
- Cando a contaminación afecte o poda afectar ao ámbito de aplicación de dous ou máis plans locais.
- Cando pola especial vulnerabilidade da zona afectada ou ameazada se considere necesario.


A emerxencia en nivel medio require da mobilización de medios operativos que non realizan funcións de xeito ordinario na zona afectada e non pertencen á Comunidade Autónoma de Galicia.

2.2.3. Emerxencia en nivel máximo:

- Cando a natureza, gravidade ou extensión da emerxencia supere a capacidade de resposta da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Cando a extensión da emerxencia supere os límites xeográficos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Cando a magnitude da emerxencia requira da activación do **Plan Nacional de continxencias**.

| | | |
|---|--------------------|-----------------|
|  XUNTA DE GALICIA | PLAN CAMGAL | Capítulo |
| | Activación | IV Versión 0 |

| Niveis de Activación | | Sucesos | Actuacións |
|----------------------|---------------------|--|---|
| Alerta | | Sucesos que fagan sospeitar que algún tipo de contaminación significativa pode chegar á zona costeira, tanto procedente do mar como de instalacións en terra. | Observación e vixilancia do episodio. Procedementos de comunicación e mobilización preparados en estado de alerta. Activación dos plans interiores e/ou locais correspondentes. |
| Emerxencia | Nivel mínimo | Sucesos que pola natureza, gravidade ou extensión da contaminación requira da mobilización de medios operativos doutras zonas, que non realizan funcións de xeito ordinario na zona afectada e pertencen á Comunidade Autónoma de Galicia. | As do nivel de alerta máis a: Coordinación das operacións levadas a cabo polos medios adscritos aos plans interiores e/ou locais correspondentes. Comunicación da activación do Plan CAMGAL ás unidades e aos organismos correspondentes. Mobilización á zona da emerxencia do medios adscritos ao Plan CAMGAL necesarios. |
| | Nivel medio | Sucesos que pola natureza, gravidade ou extensión da contaminación requira da mobilización de medios operativos que non realizan funcións de xeito ordinario na zona afectada e non pertencen á Comunidade Autónoma de Galicia. | As do nivel mínimo máis a: Actuación dos medios adscritos ao Plan CAMGAL. Solicitud de mobilización dos medios adscritos ao Plan Nacional á zona da emerxencia. |
| | Nivel máximo | Sucesos que pola natureza, gravidade ou extensión da emerxencia supere a capacidade de resposta da Comunidade Autónoma. | As do nivel medio máis a: Solicitud de activación do Plan Nacional de continxencias. Integración nos órganos de coordinación do Plan Nacional. |

| | | |
|---|--------------------|-----------------|
|  XUNTA DE GALICIA | PLAN CAMGAL | Capítulo |
| | Activación | IV Versión 0 |

3. PROCEDEMENTO DE ACTIVACIÓN E DESACTIVACIÓN DO PLAN CAMGAL

A axilidade na activación das actuacións de resposta é fundamental nas operacións de salvamento e loita contra a contaminación mariña accidental polo cal, é imprescindible a transmisión rápida da alarma e a información dispoñible a todos os organismos involucrados nas operacións de resposta. Desta maneira poderanse adoptar, o antes posible, todas as medidas necesarias para facer fronte á emerxencia.

3.1. Comunicación da incidencia

As persoas que teñen o deber de comunicar a incidencia en caso de accidente son:

- A persoa responsable designada no plan interior da instalación implicada no incidente.
- A persoa responsable designada no plan local do concello onde se produce o incidente.
- O/a capitán/a do barco que produza unha vertedura accidental de substancias contaminantes.
- Calquera persoa que coñeza os feitos.


Esta comunicación realizarase aos teléfonos do Centro de Atención ás Emerxencias 112 Galicia ou á Sala de Operacións do Servizo de Gardacostas de Galicia (981 544070) ou ao Centro de Coordinación de Salvamento de Fisterra (981 767320).

Ao recibir a comunicación da incidencia o/a operador/a da Sala de Operacións do Servizo de Gardacostas de Galicia cursará un **Aviso de Incidencia** a:

- O/A director/a do Plan CAMGAL.
- O/A coordinador/a de operacións no mar.
- O/A coordinador/a de operacións en terra.

O aviso notificarase por calquera medio telemática deixando constancia da recepción da notificación segundo o Modelo de **Aviso de Incidencia** recollido no Anexo IV.1.

A notificación da incidencia activará o **Sistema de Vixilancia**.

| | | |
|---|--------------------|-----------------|
|  XUNTA DE GALICIA | PLAN CAMGAL | Capítulo |
| | Activación | IV Versión 0 |


3.2. Activación do Sistema de Vixilancia

Recibida a primeira notificación, se existe sospeita de algún dos supostos que orixinen a activación da fase de alerta descritos no punto 2.1 levaranse a cabo as seguintes actuacións:

- Os/As coordinadores/ras de operacións ordenarán a activación do **Sistema de Vixilancia** co fin de comprobar os feitos, para o que se empregarán os medios terrestres, marítimos ou aéreos necesarios e informarán ao/á director/a do Plan. A activación do Sistema de Vixilancia farase a través da Sala de Operacións do Servizo de Gardacostas de Galicia cuxo operador/a deixará constancia segundo o Modelo Activación do **Sistema de Vixilancia** recollido no Anexo IV.2.
- Se a verificación dos feitos ten que facerse en terra ou nas augas continentais, o/a coordinador/a de operacións en terra mobilizará preferentemente aos gardas de explotación da Subdirección Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico de Augas de Galicia que teñan asignada a tarefa de vixilancia.
- Se a posible contaminación fose na zona marítima, a verificación a farán preferentemente os axentes da Subdirección Xeral de Gardacostas da Consellería do Mar mobilizados polo/a coordinador/a de operacións en mar.
- Cando non se dispoña na zona afectada de persoal descrito nos puntos anteriores, a verificación poderá levarse a cabo por outro persoal distinto, que a criterio dos/as coordinadores de operacións podan facela.

As funcións do persoal que verifica o derrame serán as seguintes:

1. Ao recibir a comunicación da existencia dun posible derrame acudirá ao lugar dos feitos para á comprobación destes.
2. No caso de que se verifique o derrame:
 - Avaliará inicialmente a situación e contactará co/coa coordinador/a de operacións que o mobilizou mediante a Sala de Operacións da Subdirección Xeral de

| | | |
|---|--------------------|-----------------|
|  XUNTA DE GALICIA | PLAN CAMGAL | Capítulo |
| | Activación | IV Versión 0 |

Gardacostas de Galicia proporcionándolle a información necesaria para a elaboración do Informe de Aviso Inicial.

- Tomará, nun primeiro momento, as medidas operacionais posibles para reducir os riscos e as perdas (cortar a fonte do derrame, asegurar a zona, etcétera) sempre antepoñendo a súa propia seguridade.
 - Tomará mostras da substancia vertida segundo o establecido no Capítulo V.5.
3. No caso de non verificarse a existencia de derrame informará desta circunstancia ao/á coordinador/a de operacións que o mobilizou.


Unha vez de volta na súa Base elaborará o **Informe de Contaminación (POLREP)** segundo o **Modelo POLREP** recollido no Anexo IV.3 e o enviará, sen demora, aos/ás coordinadores de operacións a través da Sala de Operacións da Subdirección Xeral de Gardacostas de Galicia.

Ao recibir o **Informe de Contaminación (POLREP)**, o/a operador/a da Sala de Operacións do Servizo de Gardacostas de Galicia enviarallo por calquera medio telemática deixando constancia da recepción da notificación segundo o Modelo de **envío de POLREP** destinado a tal fin. Anexo IV.4 a:

- O/A director/a do Plan CAMGAL.
- O/A coordinador/a de operacións no mar.
- O/A coordinador/a de operacións en terra.

3.3. Avaliación Preliminar da Emerxencia

Se a situación supera a emerxencia ordinaria baseándose na información obtida, nun primeiro momento polo **Informe de aviso inicial** e máis tarde a través do **POLREP** subministrado polo **Sistema de Vixilancia**, os/as coordinadores/as de operacións avaliarán a situación e informarán ao director/a do Plan da situación e das súas posibles consecuencias.


| | | |
|---|--------------------|-----------------|
|  XUNTA DE GALICIA | PLAN CAMGAL | Capítulo |
| | Activación | IV Versión 0 |

Para avaliar a gravidade do accidente teranse en conta, entre outros, os seguintes factores: cantidade do produto vertido, a súas características, a localización do accidente, a distancia a liña de costa, as condicións meteorolóxicas e oceanográficas.

Nesta fase levaranse a cabo as seguintes accións:

- O/A director/a do Plan decidirá, se existe algún dos supostos descritos no punto 2.1, activar a **fase de alerta** ou se existe algún dos supostos descritos no punto 2.2, proceder á activación da **fase de emerxencia** no nivel axeitado segundo o descrito no punto 3.4 informando ao/á Presidente do Plan.
- O/A director/a do Plan notificará a activación do Plan por calquera medio telemática aos/ás coordinadores de operacións, ao/á presidente do Plan e á Sala de Operacións do Servizo de Gardacostas de Galicia cuxo operador/a deixará constancia segundo o Modelo **Activación do Plan** recollido no Anexo IV.5.
- O/A director/a do Plan ordenará, no seu caso, a activación dos Plans interiores e Locais da zona afectada a través da Sala de Operacións do Servizo de Gardacostas de Galicia cuxo operador/a deixará constancia segundo o Modelo **Activación do plan local ou interior** recollido no Anexo IV.6.
- Os/As coordinadores/ras de operacións establecerán os mecanismos para a posta en marcha, en caso de considerarse necesaria, dos grupos operativos de resposta en mar e en terra.
- O/A coordinador de operacións en mar, informará ao INTECMAR para que active en fase de alerta a Unidade de Observación Próxima e a Unidade de Documentación e Apoio Científico.

Unha vez rematada a fase de alerta, ben porque a ameaza de contaminación desapareceu ou atópase controlada, ou ben porque a activación se produciu por mor dunha falsa alarma, o/a director/a do Plan comunicará o **fin de alerta**, mediante teléfono o Fax aos coordinadores/as de operacións e informará ao/á Presidente do

| | | |
|---|--------------------|-----------------|
|  XUNTA DE GALICIA | PLAN CAMGAL | Capítulo |
| | Activación | IV Versión 0 |

Plan. Así mesmo, deixará constancia do suceso segundo formulario establecido no Modelo **Fin de Alerta** recollido no Anexo IV.7.

3.4. Activación do nivel de emerxencia:


Cando exista algún dos supostos descritos no punto 2.2, o/a director/a do Plan activará a **fase de emerxencia** no nivel oportuno a través da Sala de Operacións do Servizo de Gardacostas de Galicia segundo o Modelo **Activación do Plan** recollido no Anexo IV.5 e levará a cabo as seguintes actuacións:

- Ordenar aos/ás coordinadores de operacións manter activado o Sistema de Vixilancia e activar os grupos operativos de resposta no mar e de resposta en terra, para que inicien as actuacións necesarias de control e seguimento da emerxencia segundo os seus procedementos operativos.
- Informar ao /á Presidente do Plan quen a súa vez informará á Delegación do Goberno en Galicia sobre a activación do Plan CAMGAL.
- Informar da continxencia ao/á responsable da unidade administrativa competente na materia de protección civil ao cal solicitará o apoio necesario nas operacións de resposta.
- Constituír o Centro de coordinación Operativa (CECOP) para o que convocará aos membros do Comité de Dirección e do Comité Técnico Asesor.
- Constituír as Unidades de Apoio que se estimen oportunas en función da continxencia.

Todas as actuacións quedarán reflectas a través da Sala de Operacións do Servizo de Gardacostas de Galicia segundo Modelo recollido no Anexo IV.8.


3.4.1. Activación de emerxencia en nivel mínimo.

Cando teña lugar algunha das circunstancias previstas no punto 2.2.1 o/a director/a do Plan ordenará a activación do Plan CAMGAL en emerxencia nivel mínimo levándose a cabo as seguintes accións:

| | | |
|---|--------------------|-----------------|
|  XUNTA DE GALICIA | PLAN CAMGAL | Capítulo |
| | Activación | IV Versión 0 |

- O CECOP avaliará o alcance da continxencia e os riscos provocados pola vertedura e planificará as accións necesarias para facer fronte a emerxencia e aplicar medidas para a protección da poboación, os bens e o entorno.
- O CECOP tomará as medidas necesarias para controlar por terra e por mar a zona contaminada.
- O/A director/a do Plan decidirá sobre a necesidade da suspensión dos servizos ordinarios programados para o persoal das unidades adscritas ao Plan e decidirá a mobilización dos medios anticontaminación.
- O/A Presidente do Plan autorizará, de ser o caso, a suspensión dos servizos ordinarios das unidades da súa consellería e solicitará aos/ás titulares das consellerías con responsabilidades no Plan a suspensión dos servizos programados e ordinarios do seu persoal, que estará a disposición da loita contra a contamiñación mariña.
- Os/As coordinadores/ras de operacións ordenarán e coordinarán o desprazamento dos grupos operativos de resposta ás zonas afectadas e a aplicación das actuacións de resposta.
- No caso de estar activado algún Plan Local ou algún plan interior, o CECOP designará a persoa o persoas responsables da coordinación con estes.
- O CECOP decidirá e validará a información que se difundirá aos medios de comunicación coa axuda do Gabinete de comunicación.
- O/A director do Plan manterá constantemente informado/a da situación e das decisións do CECOP ao /á Presidente do Plan.
- O CECOP levará a cabo o seguimento da emerxencia e se a situación o requirise, o/a director/a do Plan ordenará a activación dun nivel de emerxencia superior.

Todas as actuacións quedarán reflectas a través da Sala de Operacións do Servizo de Gardacostas de Galicia segundo Modelo recollido no Anexo IV.8.

| | | |
|---|--------------------|-----------------|
|  XUNTA DE GALICIA | PLAN CAMGAL | Capítulo |
| | Activación | IV Versión 0 |

3.4.2. Activación de emerxencia en nivel medio

Cando teña lugar algunha das circunstancias previstas no punto 2.2.2 o/a director/a do Plan ordenará a activación do Plan CAMGAL en emerxencia nivel medio levándose a cabo as seguintes accións:

- O CECOP adaptará as actuacións do nivel mínimo á nova situación.
- O/A director/a do Plan solicitará o apoio dos medios adscritos ao Ministerio de Fomento segundo o convenio asinado nas materias de salvamento marítimo, loita contra a contaminación mariña e seguridade no ámbito pesqueiro.
- O/A Presidente do Plan, no caso de que a emerxencia o requira, solicitará en virtude do principio de cooperación interadministrativa, a colaboración da Administración Xeral do Estado a través da Delegación do Goberno en Galicia.

Todas as actuacións quedarán reflectas a través da Sala de Operacións do Servizo de Gardacostas de Galicia segundo Modelo recollido no Anexo IV.8.

3.4.3. Activación de emerxencia en nivel máximo


Cando teña lugar algunha das circunstancias previstas no punto 2.2.3 o/a director/a do Plan ordenará a activación do Plan CAMGAL en emerxencia nivel máximo levándose a cabo as seguintes accións:

- O CECOP adaptará as actuacións do nivel medio á nova situación.
- O/A Presidente do Plan solicitará a activación do Plan Nacional a través da Delegación do Goberno en Galicia.
- Unha vez activado o Plan Nacional o/a director/a do Plan integrarase nos órganos de dirección establecidos para a coordinación de operación entre ambos plans.

Todas as actuacións quedarán reflectas a través da Sala de Operacións do Servizo de Gardacostas de Galicia segundo Modelo recollido no Anexo IV.8.

3.5. Procedemento de desactivación do Plan CAMGAL

Cando a situación da emerxencia permaneza baixo control, e tras avaliar a situación cos/cas coordinadores/as de operacións, O/A director/a do Plan decidirá a

| | | |
|---|--------------------|-----------------|
|  XUNTA DE GALICIA | PLAN CAMGAL | Capítulo |
| | Activación | IV Versión 0 |

desactivación do mesmo. Para a desactivación do Plan, o/a director/a do Plan levará a cabo as seguintes accións:


- Remitir o Comunicado de Desactivación do Plan ao/á Presidente do mesmo e a todas as partes implicadas por calquera medio telemática deixando constancia da recepción da notificación segundo o Modelo destinado a tal fin recollido no Anexo IV.9.
- Poñer fin ás actuacións do CECOP ordenando en colaboración cos/coas coordinadores/as de operacións a retirada gradual dos operativos e medios despregados para as operacións de loita contra a contaminación mariña accidental.
- Poñer fin ás actuacións das unidades de apoio constituídas.
- Impulsar as accións necesarias para a rehabilitación das zonas danadas, limpeza e retirada dos residuos e a descontaminación dos equipos empregados nas operacións de loita contra a contaminación mariña accidental.
- Colaborar co Comité de Dirección na elaboración do informe final.
- Colaborar aportando a información da que dispoña, coas accións que teñan por obxecto a tramitación das solicitudes de compensación oportunas.

Todas as actuacións quedarán reflectas a través da Sala de Operacións do Servizo de Gardacostas de Galicia segundo Modelo recollido no Anexo IV.8.

4. CRITERIOS DE COORDINACIÓN DE OPERACIÓNS ENTRE DISTINTOS PLANS

DE CONTINXENCIAS

- Cando estean activados o Plan CAMGAL e un plan interior e/ou local de continxencias, a coordinación das operacións no mar e en terra será exercida polos/as coordinadores de operacións do Plan CAMGAL.

| | | |
|---|--------------------|-----------------|
|  XUNTA DE GALICIA | PLAN CAMGAL | Capítulo |
| | Activación | IV Versión 0 |

- O Comité de Dirección do Plan CAMGAL incluírá un membro de enlace deste plan cos órganos de dirección do Plan territorial de emerxencias de Galicia, para o caso de que estean simultaneamente os dous activados nalgún dos seus niveis.
- Cando estean activados o Plan CAMGAL e o Plan Nacional, segundo o establecido neste último:
 - A dirección da emerxencia corresponderalle ao Organismo Reitor que se constitúa no que se integrará o/a director/a do Plan CAMGAL.
 - Os/as coordinadores/as de operacións do Plan CAMGAL manterán as súas funcións.
 - O Centro de operacións da emerxencia situarase na Sala de Operacións da Subdirección Xeral de Gardacostas de Galicia que manterá unha comunicación continua co Centro de Coordinación de Salvamento da zona afectada.
 - A coordinación da resposta dos grupos operativos contemplados no Plan CAMGAL, estará controlada polos/as coordinadores/as de operacións do mesmo de acordo ás instrucións recibidas do Organismo Reitor.
- O Plan CAMGAL, sen estar activado, poderá colaborar con outros plans de continxencias poñendo a disposición destes os seus medios.